

**OS DISCURSOS
DESGALEGUZADOR,
REGALEGUZADOR E
CONTRAGALEGUZADOR
NA ÉPOCA DE ROSALÍA DE
CASTRO**

Carme Hermida Gulías

Universidade de Santiago de Compostela

doi: 10.17075/rcsxxi.2014.010



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

1. O DISCURSO DESGALEGUIZADOR

Cando Galicia entra a formar da coroa de Castela prodúcese unha progresiva chegada dende alén das nosas fronteiras de elites pertencentes ó ámbito da Administración, da igrexa e, posteriormente, do mundo económico. Estas persoas, que traían consigo un xeito de falar propio e, por ese motivo, sen dúbida, tiveron dificultade de comprensión e de adaptación, foron divulgando entre a sociedade galega, coa superioridade que lle daba o seu rango, un discurso desgaleguizador que, no eido lingüístico, centraba os seus argumentos na rudeza da lingua propia, na súa inutilidade para a expresión máis elevada e na súa condición de pexa para a consecución do progreso económico do que o país sempre estivo moi necesitado.

O obxectivo que perseguía a divulgación e defensa destas opinións era que o pobo galego abandonase definitivamente o uso do seu idioma para abrazar o chegado de Castela, que sempre se presentou como máis moderno e culto e o único capaz de eliminar os atrancos que dificultaban o progreso material do país.

A persistencia no tempo deste discurso, en principio sostido por persoas alleas a Galicia, permeou a propia sociedade galega, que o asumiu como propio para repetilo sen variación.

Estes argumentos resúmeos moi ben Pedro Luces, tamborileiro castelán que se emprega ó servizo do gaiteiro do Burgo, ámbolos dous personaxes protagonistas da *Gaita gallega* de Xoán Manuel Pintos (1853: 137).

Aquí mismo, aquí en Galicia
a doctorcillos de pelos
les oí que su idioma
es toscó lenguaje, y feo,
impropio de gente fina
reservado a los paletos.
Que por lo mismo no hay libros
que expliquen ese dialecto,

ni quiere escribir en él
ninguno que tenga seso.
Por lo cual ya no me admira
que algunos, viendo ese genio
en los gallegos, los tengan
por cuitadiños y necios,
lo cual no consentiría
ningún otro en su pellejo.
Y conviene que se tenga
presente, señor gaitero,
que aquel que bien no se estima,
todos le tienen en menos.

Este era o estado de opinión sobre o galego cando no ano 1840 xorde unha xeración de persoas -coñecidas co nome de provincialistas- que, dende presupostos ideolóxicos progresistas, tiña o obxectivo de establecer as condicións para conseguir o avance de Galicia.

Nos seus primeiros momentos os principais provincialistas —Faraldo, Neira de Mosquera, Pío Rodríguez Terrazo, Vicente Cociña, Díaz de Robles, Rúa Figueroa, Romero Ortiz, etc.— non fixeron cuestión da lingua, á que non lle prestaron especial atención.

A defensa de Galicia dos provincialistas baseábase no historicismo, polo que, para atoparen os alicerces das súas reivindicacións, tiveron que se mergullar nos estudos históricos. Neles descubriron algo que non ían buscando: que a lingua galega vivira o seu momento de máximo esplendor na etapa histórica que eles idealizaban, a Idade Media.

A publicación destes descubrimentos, especialmente a aparición de dous artigos de A. Neira de Mosquera (1841) titulados «Apunte para la historia de la literatura gallega», serviu para apoiar as afirmacións relativas ó cultivo literario do galego contidas na *Historia de Galicia* de Verey y Aguiar (1838), obra que lles servía de referencia, e tamén para motivar as persoas interesadas en cultivaren o idioma.

Os provincialistas sumáronse entusiasmados á revolución de 1846, pero a derrota de Cacheiras, alén de provocar o exilio dos seus dirixentes máis signi-

ficados, como Faraldo, Añón, Neira ou Martínez Padín, demostroulles que o momento non era o máis propicio para a intervención política. Por iso, unha parte dos seus simpatizantes centrouse no traballo cultural e propagandístico, especialmente no cultivo literario da lingua e nos estudos históricos. Ese foi, sen dúbida, o camiño que tomaron, por exemplo, os irmáns De la Iglesia ou o bibliotecario Francisco Javier Rodríguez, que xa nos anos 50 comezara a redacción do dicionario que sería publicado posteriormente por Antonio de la Iglesia no ano 1863 (Hermida 1992a: 65). Nesa órbita tamén temos que situar a Aguirre del Río, que, animado pola corrente galeguizadora que atopou cando chegou a estudar a Santiago dende o seu Dodro natal, tamén se embarcou na redacción dun traballo lexicográfico galego-castelán que rematou no 1858 e que ficou inédito ata o 2007, ano en que eu mesma publiquei a obra (Hermida 2007).



2. O DISCURSO REGALEGUIZADOR

Despois do ano 46 nace o discurso regaleguizador, que pretende recuperar para o galego o ámbito do cultivo literario e a estima pola propia lingua, contraargumentando as infravaloracións do idioma cos máis diversos cualificativos mellorativos. Poderíanse citar aquí pasaxes abondo ilustrativas de Martínez Padín (Hermida 1992a: 65-66 e Hermida 1992b: 29-32 para o texto completo), de Francisco María de la Iglesia (Hermida 1992a: 68), pero o que máis claramente recolleu todos estes argumentos foi Xoán Manuel Pintos na *Gaita gallega* (Pintos 1853: 138-143).

Moitas foron as opinións lingüísticas deste pontevedrés. Algunhas das máis relevantes son as seguintes:

a/ Que tódalas linguas son igual de boas e igual de bonitas, polo que resulta improcedente comparalas neste ámbito. Dito con palabras actuais, para Pintos, calquera opinión deste tipo é un prexuízo lingüístico sen fundamento científico.

Tódalas linguas do mundo
teñen o seu aderezo,
teñen seus celmes e sales,
teñen seu mel e seu nervo,
mais a ninguén será fácil
ir comparanzas facendo
sin estudialas a fondo
e descubrirlles o genio.

b/ As linguas son fundamentalmente orais. A escrita, moi posterior, é un *constructo* cultural.

Mira, rapaz, o lenguaje
non se compón de procesos
nin de follíñas escritas
nin de libriños impresos,
que se compón de palabras
que van da boca correndo

para decir ós demais
todo o noso pensamento.

c/ Cando unha lingua serve de medio de comunicación para a sociedade que a creou non pode ser considerada deficiente e resulta un produto acabado.

E cando miles de homes
nados no mesmo terreo
daquela moda se entenden,
dendes de anos muitos centos,
é porque teñen language
con puntos e comas feito.

d/ A lingua propia é a que mellor se adapta ás necesidades expresivas do pobo que a creou.

E non hai millor pintura
para pintar os conceptos
que pintalos cada un
co natural instrumento,
que é a súa lingua nativa,
mamada desde pequeno,
por onde catou dos pais,
de seus avós e traseiros
as máis pequenas frangullas
do máis fino entendimento.

e/ Non se pode xustificar de ningún xeito que un pobo abandone a súa lingua para acoller unha allea.

E non ten desculpa algunha
o desleixado podenco
que refuga o seu idioma
por falar en estrangeiro.

f/ Falar a propia lingua e defendela non é un impedimento para falar moitas outras.

Non quita que outros idiomas
queiran os homes sabelos,
antes alaudos merecen
os que se apliquen a eso,
pero sin que o seu nativo
jamais deixen esquencelo,
pois non hai máis mala fada
que fadar a un con desejo
de que no'entenda a seus pais
os seus parentes e deudos,
e donde foi bateado
sea tido por estrangeiro.

g/ Que o galego ficase excluído dos instrumentos propios dunha cultura letrada é produto do 'asoballamento' que viviu o país.

É verdá que hoxe non usan
o noso idioma gallego
para leis nin escrituras,
nas oficinas nin tempos
nin poñen declaracións
nin estenden testamentos,
de maneira que a mil probes
lles meten gato por coello.
Mais isto ten outro rabo
que enrosca asoballamento
e ten conta desfolalo
e desroscalo con tempo.

h) Ademais de todo o anterior, o galego é un idioma nobre pola súa orixe latina, doce, sonoro, forte, doado... (Pintos 1853: 193).

— Señor, a mi me parece
que es inmediato dialecto
del latín y que conserva
muchos vocablos enteros,
y otros tan poco alterados
que el sonido casi el mismo
parece en ambos idiomas,
como dirán mil ejemplos.
Lo encuentro fácil y dulce
sonoro, fuerte y muy lleno,
abundante y trabajado
será mejor que el mas bueno.

Os argumentos aquí recollidos, xunto con outros semellantes, presentados por Pintos foron os que empregaron as persoas que principiaron o movemento de defensa e reivindicación do galego que coñecemos como Rexurdimento, do que a obra de Rosalía de Castro, xunto coa de Curros e Pondal, son os seus produtos máis acabados.

Mais, o argumentario das persoas que no século XIX se esforzaron na reivindicación da lingua galega non quedou completo ata que aconteceu outro feito histórico, aparentemente sen ningunha relación coa lingua. Referímonos á «vicalvarada».

No ano 1854 prodúcese o levantamento militar do xeneral O'Donnell, que contou co apoio dos progresistas, dos demócratas e da Unión Liberal e que supuxo a chegada ó poder dun goberno progresista de moi curta duración, pois sería desaloxado no ano 1856.

Os provincialistas galegos reviviron socialmente durante ese tempo. O seu acto máis significativo foi o Banquete de Conxo, que se celebrou o 2 de marzo do 1856, e aínda que o seu carácter foi esencialmente demócrata, na súa organización traballaron moitas persoas relacionadas co Liceo de la Juventud, institución creada en Santiago o 26 de abril do 1847 por persoeiros provincialistas como

Antonio Neira de Mosquera, Alberto Camino ou Martínez Padín e no que se formaron Murguía, Aguirre, Rosalía de Castro, etc.

O novo fracaso do progresismo nas institucións do Estado provocou unha reformulación ideolóxica dos provincialistas que, en palabras de Murguía (1886: 137-139), se produciu cando se decataron de que «había que intentar en Galicia algo más noble y trascendental que proclamar una idea y levantar una clase, que había que formar una patria [...]», circunstancia esta que viña dada porque «este país había tenido un pasado y lo ignoraba, una lengua y empezaba a olvidarla, un gran instinto político y faltaba a el, un valor y lo desperdiciaba en pequeñas luchas». Foi necesario establecer obxectivos e un deles, o que parecía máis difícil e tamén máis necesario, era «o emprego serio, nobre, apropiado do galego na obra literaria, para que así a voz tivese eco, acento a canción, cor a paisaxe, alma a patria».

Esta declaración de Murguía, feita moitos anos despois de celebrado o xantar de Conxo e se cadra idealizada, marca unha inflexión no provincialismo que, utilizando os termos en que o analiza Beramendi na obra *De provincia a nación* (2007), supuxo engadirlles ós caracteres que definían o movemento provincialista—historicismo, rexeitamento do racionalismo, cristianismo social, romanticismo, liberalismo político e reformismo social— o da etnicidade, que introduciu a lingua galega como un dos elementos definitorios do ser de Galicia. Ademais, nos escritos de exposición da súa doutrina comezouse co emprego, tamén no eido lingüístico, da dicotomía afirmación / negación¹, cando antes só se usaba a do desprezo/loa².

No espazo temporal en que nos situamos probablemente o mellor exemplo, aínda que non completo desta afirmación / negación se dea no artigo «Importancia que debe darse al dialecto gallego» de Fernández Anciles (Hermida 1992b: 43), que exhorta a mocidade galega a escribir en galego. Certo é que non lles di expresamente que abandonen o castelán, mais as últimas palabras do seu escrito,

1 O exemplo máis claro da formulación afirmación / negación verbo da lingua é o poema de Pondal «Miniñas da Cruña, / d' amabre despejo, / de falas graciosas / e pasos ligeiros, / deixá de Castilla / os duros acentos: / *falade, miniñas, / falade gallego*».

2 A dicotomía desprezo / loa maniféstase cando a crenza xeral é considerar o galego lingua de paletos e se lle contrapón a afirmación de que o galego é unha lingua de reis.

todo el dedicado a enxalzar o galego e as persoas que o usaron e usan, coido que non deixan moitas dúbidas:

¡Jóvenes Gallegos! La patria exige un pequeño sacrificio: vosotros á quienes el fuego santo de la inspiración inflama noblemente, cantad y que vuestros ecos resuenen en las sinuosidades de nuestros valles, de nuestras grutas y montañas.

Nada os importe que vuestros cantos no sean oídos en todas partes, ni que vuestros nombres sean apenas conocidos: la mayor gloria que puede caberos, es el haber sido útiles en algo á vuestra patria.

3. O DISCURSO CONTRAGALEGUIZADOR

Nos anos 60, ademais de perviviren na sociedade os prexuízos lingüísticos que motivaron a desgaleguización, nace o discurso contragaleguizador, que se opón á pretensión de recuperar o prestixio do idioma e de conseguir para el novos ámbitos de uso. O seu posicionamento ideolóxico e os seus argumentos pódense comprobar no artigo «El dialecto gallego y la unidad ibérica», que publicou Ventura Pueyo na revista *El Pensamiento de Galicia* no ano 1866.

Ventura Pueyo, do que descoñezo a súa orixe, foi un mestre de instrución primaria que desenvolveu a súa vida profesional en Ferrol, onde en 1856 foi elixido secretario do Liceo de Artesanos de Ferrol, entidade que se creara no ano 1850, e en 1858 dirixía un colexio preparatorio para tódalas carreiras, segundo informa a prensa da época.

Mantivo unha intensa actividade xornalística pois fundou e dirixiu a revista *El Pensamiento de Galicia* xunto con Leandro Saralegui e Vicetto, e o *Diario Ferrolano*. Ademais, colaborou moi activamente noutras publicacións como en *Galicia. Revista Universal deste Reino*, que dirixían os De la Iglesia. Tamén colaborou no 1866. *Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono. Dedicado á todas las bellas hijas del país*, co traballo «De la familia y de las causas que entorpecen la armonía conyugal» (p. 46-50).

EL PENSAMIENTO DE GALICIA.

Revista de ciencias, literatura, marina, agricultura, comercio, administracion, artes e industria, noticias, hechos descubrimientos, modas, etc. etc. tomadas de las mejores publicaciones del extranjero, y protegida con la cooperacion de los principales hijos de Galicia notables en las ciencias y en las letras.

SECCION DOCTRINAL.

EL DIALECTO GALLEGO Y LA UNIDAD IBERICA.

Si siempre se ha considerado el lenguaje como uno de los mas estrechos vinculos sociales, y una de las mas preciosas facultades que distinguen al hombre como un ser racional é inteligente, no es maravilla que aquellos pueblos y naciones que con mayores ventajas se dieron á conocer por su cultura é ilustracion, hayan puesto especial esmero y cuidado en elevar su idioma al mas alto grado de perfeccionamiento y esplendor.

Nada, en efecto, mas á propósito para medir el apogeo ó decadencia de las ciencias y de las letras en un país, como el observar el aprecio ó abandono que en él se haga de su misma lengua. Por su medio no es difícil deducir la preponderancia ó desprestigio de que goce un pueblo; pudiéndose asegurar que es el fiel barómetro que nos dá conocimiento de la cultura

traño que fijemos nuestra atencion, si quiera sea en un corto espacio, reflexionando brevemente sobre el dialecto gallego, relacionado con la unidad que precisamente ha de haber en nuestra patria regida por unas mismas leyes y alimentada por unas mismas creencias, si se ha de querer que no desmerezca de aquella opulencia y fama que adquiriera cuando no tenian límite sus posesiones, y cuando el idioma español se hablaba en todos los países cultos? No servirá este sucinto exámen para conocer mejor las necesidades de nuestro país?

Por mas que el problema tenga en si algun interés, justo es decir, sin embargo, que no solo es delicado el deber que nos imponemos, sino tambien un tanto difícil por referirse al antiguo reino á quien dedicamos todas nuestras aspiraciones y nuestros mejores deseos.

Aun concediendo que el dialecto de Galicia no sea lo mas armonioso y grato al oído y que resulta en él alguna rudeza, á no ser manejado por muy expertos

O artigo que nos interesa non responde a un esquema argumentativo línal, senón suspensivo, na medida en que un argumento non se conclúe para introducir un novo tema que tamén se deixa en suspenso para retomar o primeiro. Nun intento de ordenar estas argumentacións para que poidan seguirse mellor, os asuntos tratados son, esquematicamente, os seguintes:

a/ Declaración da importancia da consideración que o pobo que a fala ten pola súa lingua para análise social, o que sería tanto como recoñecer, en palabras de hoxe, a relevancia dos estudos sociolingüísticos.

Nada, en efecto, mas á propósito para medir el apogeo ó decadencia de las ciencias y de las letras en un país, como el observar el aprecio ó abandono que en él se haga de su misma lengua. Por su medio no es difícil deducir la preponderancia ó desprestigio de que goce un pueblo; pudiéndose asegurar que es el fiel barómetro

que nos dá conocimiento de la cultura intelectual y del estado de las costumbres, según las distintas épocas, en todos los imperios y regiones de la tierra entera.

Esta consideración serve ela mesma para xustificar un estudo sobre a lingua galega.

b/ Conexión afectiva co galego porque o interese do autor está en conseguir un mellor futuro para Galicia.

[...] no solo es delicado el deber que nos imponemos, sinó también un tanto difícil por referirse al antiguo reino á quien dedicamos todas nuestras aspiraciones y nuestros mejores deseos.

A afectividade persiste aínda «conociendo que el dialecto de Galicia no sea lo mas armonioso y grato al oído, y que resalta en él alguna rudeza, á no ser manejado por muy expertos y sutiles ingenios».

c/ Percorrido pola historia do galego.

- O galego é por descender do latín unha lingua nobre e pura.

- Por non sufrir o influxo árabe, o galego non posúe a pronuncia forte e enérxica que este pobo impuxo no castelán e, xa que logo, abandonou o camiño da evolución enriquecedora.

- Debido ó desprazamento da corte ó centro da Península Ibérica, a partir do século XIII o galego «quedó estacionado, como lo quedó su agricultura, su industria, y su cultura, sin que pudiese seguir el impulso y las modificaciones que el idioma castellano adquiriría, ya con el concienzudo estudio que de él hacían los sábios, ya con los giros y multitud de voces que tomaba del árabe, del italiano y de otros idiomas que vinieron á enriquecerlo».

d/ Razóns que xustifican a pervivencia de distintas linguas —na súa terminoloxía dialectos— dentro dun mesmo estado —nación nas súas palabras—: o desexo de independencia ou o atraso social:

En Cataluña e no País Vasco, que el identifica como *Vizcaya*, o mantemento dos idiomas respectivos xustifícase polas súas ansias de independencia.

En Galicia, o autor non percibe ese amor pola vida independente que ve noutras poboacións e o mantemento do idioma só se pode xustificar porque o país, os seus habitantes e a súa lingua quedaron estancados na época de Afonso X, polo que a súa existencia é unha clara mostra do atraso social do país.

e/ O autor considera que o mantemento do galego só se podería xustificar por dúas razóns: a súa superioridade fronte á outra lingua ou que supoña beneficios para o país.

Verbo da primeira cuestión, a resposta é que o castelán posúe unha riqueza insuperable en harmonía, enerxía, sonoridade, suavidade, tenrura, maxestosidade, etc. Fronte a el sitúase un galego rudo, desleixado, que os seus habitantes non dubidan en abandonar e que é unha consecuencia e unha causa do atraso da nosa poboación rural.

En relación coa segunda, e tendo en conta que no mundo se camiña cara á procura dun idioma universal para que os avances cheguen por igual a tódolos lugares, resulta evidente que o galego e os restos dos idiomas existentes en España son un atranco para a difusión do 'movemento civilizador'.

f/ En conclusión: para conseguir un estado de benestar venturoso é necesario sacrificar a parte polo todo; isto é, abandonar tódolos idiomas que non sexan o castelán.

g/ Por iso, e este é o chamamento que o autor lles fai ás persoas que buscan o ben do antigo reino, o ideal é traballar por unha Galicia sen o galego para que os avances e progresos sexan máis rápidos e para encamiñala «en la senda general del progreso y de los adelantos».

Nestes puntos condénsase o pensamento de Ventura Pueyo, que é o primeiro texto que atopamos contrario ó discurso regaleguizador preconizado polos rexurdimentistas. Un dos aspectos máis salientables da súa aparición é que, polas posturas defendidas nos seus escritos, polo tipo de publicacións en que escribe e polos seus compañeiros de aventuras xornalísticas, este autor hai que encadralo, e así o fai Xusto Beramendi, dentro do provincialismo, pero na súa corrente moderada, ou máis dereitista.

Unha das características que une as persoas desta tendencia, e que se manifesta máis claramente, no texto analizado é que observan con preocupación a deriva etnográfica do movemento e comezan a manifestar publicamente os seus receos sobre a posibilidade, por eles non querida, de que o renacemento lingüístico-cultural socavase a integridade da nación española.

A poesía «Probe Galicia, non debes / chamarte nunca española, / que España de ti se olvida / cando eres, ¡ai! tan hermosa» incluída nos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro debeu aumentar os seus medos e ser a causante de artigos como o presentado.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BERAMENDI, J. (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais.
- HERMIDA, C. (1992a): *Os precusores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Vigo, Xerais.
- HERMIDA, C. (1992b): *A reivindicación da Lingua Galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- HERMIDA, C. (ed.) (2007): *O Dicionario del dialecto gallego de Luís Aguirre del Río*, Madrid, CSIC. Cuadernos de Estudios Gallegos. Anexo XXXVII.
- MURGUÍA, M. M. (1886): *Los precusores*, A Coruña, Latorre y Martínez Editores.
- NEIRA, A. (1841): «Apuntes para la historia de la literatura gallega», *El Idólatra de Galicia*, Santiago, 5 e 6 (1841), 32-33.
- PINTOS, X. M. (1853): *A gaita gallega*. [Edición de Carme Hermida]. Vigo, Xerais.
- PUEYO, V. (1866): «El dialecto gallego y la unidad ibérica», *El Pensamiento de Galicia*, Ferrol, 12 (15.02.1866), 177-181. Tamén se pode ver en Hermida 1992b, 73-79.
- VEREA Y AGUIAR, J. (1838): *Historia de Galicia. Primera parte, que comprende los orígenes y estado de los pueblos septentrionales de España antes de su conquista por los romanos*, Ferrol, Imprenta de D. Nicasio Taxonera, 114-117, n. 1.

